



O Concello de Buen

recoñece o labor artístico realizado durante máis de 70 anos polo pintor José Benito Otero Baena (Pepé), instaurando o

I Certame de pintura Otero Baena

Este certame, que se celebrará con carácter bienal, pretende fomentar a creación artística entre artistas noveis, ao tempo que se reivindica a figura de Otero Baena.





CONVOCATORIA E BASES DO I CERTAME DE PINTURA “OTERO BAENA” DO CONCELLO DE BUEU PARA ARTISTAS NOVEIS

O Concello de Bueu, no marco da súa aposta pola cultura e co obxectivo de dar a coñecer a figura do artista local José Benito Otero Baena, convoca o I Certame de pintura “Otero Baena” do Concello de Bueu para artistas noveis, cuxas bases son as seguintes:

1. OBXECTO, CONDICIÓNS E FINALIDADE

- O obxectivo das presentes bases é regular as condicións I Certame de pintura “Otero Baena” do Concello de Bueu para artistas noveis.
- O certame vai dirixido a todos/as aqueles/as artistas noveis, maiores de 18 anos, cuxa obra presentada terá que ser inédita e orixinal. Polo tanto, non se admitirán as xa expostas noutros concursos ou certames, individuais ou colectivos, nin as reproducións ou retoques doutras obras xa coñecidas. De ser o caso, a obra quedará automaticamente excluída do certame.
- A temática será de libre elección e admitirase calquera técnica de pintura.
- O formato será libre, cunha medida máxima do soporte de 1 m de ancho por 1 m de alto.
- Poderán presentar os seus traballos as persoas de forma individual ou colectiva.

2. ORZAMENTO DISPOÑIBLE

- O premio terá unha dotación única de 1.500 €, comprometéndose a imputación desta cantidade ao orzamento xeral do Concello de Bueu para o exercicio 2023 e a acreditación da existencia de crédito axeitado e suficiente con cargo á partida 334.48100 (“Promoción Cultural. Premios e Becas”). A dotación do premio estará suxeita ao tratamento fiscal en vigor no momento da concesión. O premio, que é único e indivisible, poderá declararse deserto por parte do xurado.

Ademais, o xurado elixirá dous accésit, os cales non contarán con contía económica.

3. CONCORRENCIA COMPETITIVA

- Os premios inherentes a este concurso concederanse en réxime de concorrencia competitiva, previo estudo e valoración por parte do xurado.



4. CRITERIOS DE VALORACIÓN

- Os criterios de valoración dos traballos por parte do xurado son: orixinalidade no tratamento do tema, manexo das técnicas pictóricas, calidade da obra e novidade do tema.

5. PARTICIPANTES

- Considéranse participantes as persoas físicas e xurídicas que concorran nas condicións establecidas nestas bases.

6. EMISIÓN E PAGAMENTO DOS PREMIOS

- A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través da páxina web do Concello: www.concellodebueu.gal, así como nos medios de comunicación da comunidade.

Prevese que a entrega se produza nun acto público que se celebrará arredor do 27 de xuño do 2023, coincidindo coa data de nacemento de Otero Baena, e ao que terá obriga de asistir a persoa gañadora.

- As obras formarán parte da exposición que estará aberta ao público na Sala de Exposicións Amalia Domínguez Búa do Concello de Bueu dende o día 1 ata o 24 de xuño de 2023.

- O nome da obra premiada darase a coñecer arredor do 27 de xuño de 2023, data de nacemento de José Benito Otero Baena, artista ao que se reivindica neste certame.

- O pagamento dos premios farase mediante transferencia bancaria á persoa gañadora.

7. REQUISITOS PARA A CONDICIÓN DE PARTICIPANTE

- Non poderán obter a condición de participantes as persoas en quen concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

8. OBRIGAS DAS PERSOAS PARTICIPANTES E DAS PREMIADAS



- As persoas participantes deberán autorizar ao Concello de Bueu a que poida comprobar que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu. No caso de que as persoas que se presenten ao concurso non autoricen a comprobación destes datos, deberán achegar os certificados que acrediten que están ao día no cumprimento das citadas obrigas/ que non teñen débedas coa Seguridade Social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia e Concello de Bueu.
- As persoas premiadas deberán estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e co Concello de Bueu.

9. PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN

- O prazo de presentación dos orixinais será desde o día seguinte á publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e estenderase ata o 30 de abril de 2023.
- Aceptarase un só traballo por autor/a ou colectivo.
- A presentación dos traballos deberá facerse seguindo o procedemento que se indica a continuación:

O prazo de inscrición estará aberto dende a publicación do extracto destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e ata o 30 de abril de 2023, e constará de dúas fases:

1. As persoas interesadas en participar poderán inscribirse antes do 30 de abril enviando por correo postal ao enderezo “Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti n18, 36930” un CD ou USB nun sobre que incluírá na cuberta “I Certame de Pintura Otero Baena do Concello de Bueu”, no que se incluírán os arquivos da obra que concorre ao certame (xunto ás características da mesma, como título, técnica, medidas, e ano de realización), e noutro documento de texto Word, OpenOffice ou PDF, un breve currículo do autor ou autora coa traxectoria artística desenvolvida ata o momento, DNI ou pasaporte, enderezo,



número de teléfono e correo electrónico, amais dunha declaración responsable onde conste que a obra é orixinal.

2. Unha vez revisada a documentación por parte do persoal do Concello de todas as obras inscritas, convocarase a un xurado, de recoñecido prestixio, que será o encargado de facer unha preselección dun máximo de 25 obras, que son as que formarán parte da exposición na Sala Amalia Domínguez Búa. Ademais, o xurado seleccionará outras cinco obras de reserva, por se algunha das elixidas rexeitan participar na exposición.
3. Unha vez seleccionadas as obras participantes, os e as artistas presentaranas en formato físico no Concello de Bueu antes do 20 de maio, solicitando cita previa para a entrega presencial a través do correo comunicacion@concellodebueu.gal, ou ben a través de envío con axencia de transporte ao enderezo Concello de Bueu, rúa Eduardo Vincenti nº8 Bueu. En todo caso, os gastos de envío das obras correrán por conta das persoas participantes.

10. XURADO

- A composición do xurado decidirase a instancias da Alcaldía do Concello de Bueu e a súa decisión será inapelábel.
- A composición do xurado publicarase con anterioridade á súa reunión no sitio web (www.concellodebueu.gal) do Concello de Bueu.
- En caso de ausencia dalgunha persoa integrante do xurado, esta poderá ser substituída por outra que para o mesmo efecto designe a Alcaldía.

- O xurado estará composto por:

Presidente: o Alcalde, o Concelleiro de Cultura ou persoa en quen delegue.

Vogais: cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito artístico na comunidade. Concretamente será unha persoa membro da Fundación Laxeiro, unha do Museo Massó, unha da Facultade de Belas Artes, e dous artistas.

Secretario/a: o/a titular do Concello ou funcionario/a en quen delegue.

Así mesmo, o Concello nomeará unha persoa como asesora científica, que se encargará de realizar diversas xestións e aconsellar durante a celebración do certame.



11. ÓRGANO COMPETENTE PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

- O procedemento de instrución e resolución levarase a cabo no Departamento de Cultura, nos termos que se regulan nos artigos 23 a 27 da Lei Xeral de Subvencións.

As obras non premiadas poderanse recoller nas instalacións do Concello durante tres meses despois da decisión do xurado. O Concello non se fará responsable das obras que non sexan recollidas neses prazos establecidos, podendo facer uso das mesmas no que considere oportuno. Os gastos de devolución das obras correrán por conta das persoas participantes.

O Concello de Bueu non se responsabilizará de calquera tipo de incidencia que se puidese producir durante o transporte, aínda que si se contará cun seguro durante a exposición.

12. PUBLICIDADE

Estas bases publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, mediante o extracto remitido pola BDNS, no taboleiro de anuncios electrónico do Concello de Bueu e no sitio web municipal. Todas as publicacións posteriores a estas bases faranse na web www.concellodebueu.gal.

13. ACEPTACIÓN DAS BASES E PROTECCIÓN DE DATOS

- A participación no concurso implica a aceptación total das bases desta convocatoria. A súa interpretación correspóndelle exclusivamente ao xurado. As persoas que se presentan a este concurso autorizan expresamente o Concello de Bueu ao uso dos datos persoais achegados para os efectos relacionados co certame.

- De conformidade co Regulamento xeral de protección de datos 2016/679 do Parlamento Europeo, do 27 de abril de 2016, e da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase de que os datos persoais obtidos serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Bueu cuxa finalidade é a xestión do presente concurso. Poderanse exercer os dereitos de acceso, rectificación, limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente mediante un escrito dirixido ao Concello de Bueu a través do correo electrónico concello@concellodebueu.gal.



- O Concello de Bueu declina a responsabilidade que poida darse no caso de que a obra gañadora aluda a persoas vivas e circunstancias reais das que non se teña coñecemento e non se faga referencia expresa á autorización das persoas interesadas. Será responsable unicamente o autor/a.
- Os autores/as ceden os dereitos de reprodución pública ao Concello a efectos de difusión da convocatoria e do fallo do xurado, tanto en medios escritos como electrónicos.

14. RECURSOS

Contra o acordo da aprobación destas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao desta publicación (artigos 112 e seguintes e 124 e seguintes da LPACAP) ou ben directamente un recurso contencioso - administrativo perante o correspondente xulgado de Pontevedra, segundo o disposto no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa, todo isto no prazo establecido no artigo 46 da citada lei, sen prexuízo de que se poida utilizar calquera outro recurso que se estime conveniente.